

RESOLUCIÓN 02/2023

Reunida en sesión ordinaria a Xunta Electoral da FEGAN, sendo as 14:30h do 31 de outubro de 2023, estando presentes todos os seus membros emiten a presente resolución cos seguintes

ANTECEDENTES DE FEITO

- I. Que a través da Resolución 01/23 desta Xunta Electoral nomeáronse provisionalmente como candidatos á Presidencia da FEGAN a D. Juan Carlos Brión Lema e D. Jacobo Torreiro Vázquez.
- II. Que con data 30 de outubro de 2023, o candidato D. Jacobo Torreiro Vázquez presentou a súa renuncia á candidatura á Presidencia da FEGAN.
- III. Que finalizados os prazos para a presentación de recursos sen que se teña presentado ningún corresponde a elevación da candidatura a definitiva.
- IV. Que o artigo 24.6 do Regulamento Electoral establece que *"No caso de que se presentase unha soa candidatura, non se efectuará votación."* Ao existir unha única candidatura non corresponde efectuar ningunha votación, senón que procede o nomeamento do único candidato como presidente da FEGAN.
- V. Que o artigo 24.14 do Regulamento Electoral dispón que *"Ao día seguinte da proclamación definitiva do cargo de presidente ou presidenta da federación, procederase á toma de posesión no seu cargo, da cal levantará acta a secretaría da xunta electoral."*

En virtude do exposto,

RESOLVEN

1. Proclamar como único candidato definitivo á Presidencia da FEGAN a D. Juan Carlos Brión Lema e, en consecuencia, proceder ao seu nomeamento como presidente da FEGAN.
2. Requirir ao novo presidente da FEGAN para que ao longo do mércores 1 de novembro, remita a esta Xunta Electoral o escrito de toma de posesión do cargo a través do modelo habilitado e publicado ao efecto.

A presente resolución publicarase para coñecemento público e contra a mesma non cabe recurso, de acordo co disposto no artigo 36.8 do Decreto 16/2018, de 15 de febreiro.

Para que conste aos efectos oportunos, certifico esta resolución co visto e prace da presidenta, na Coruña, a 31 de outubro de 2023.

O secretario da XE,

Vto e prace: A presidenta da XE,

Asdo.: D. José M. Aneiros García

Asdo.: D^a. Belén Álvarez Sánchez